



A MÁSCARA QUE INSPIRA

TEATRO GRECOLATINO NA AULA

Este ano as circunstancias sanitarias non nos permiten gozar do teatro presencialmente nas nosas sedes de Lugo, A Coruña, Ourense e Tui, pero en SEECGalicia queremos que os nosos escolares poidan contemplar dúas obras e traballar sobre elas, aínda que de xeito distinto. Contamos coa colaboración da CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO DO CONCELLO DE LUGO, que vén apoiándonos desde hai vinte e un anos.

Presentamos o proxecto “A MÁSCARA QUE INSPIRA”, que se desenvolverá nas seguintes fases:

• 1º TEATRO NAS AULAS

Nas ligazóns que se indican pódese acceder a unha gravación das seguintes obras:

- Traxedia grega: *Hécuba* de Eurípides, interpretada polo Grupo *Noite Bohemia* da Coruña, dirixido por Javier Fernández Mariño:

https://www.youtube.com/watch?v=6elU_kx274

- Comedia latina: *Mostellaria* de Plauto, interpretada polo Grupo *Corzos reunidos* da Coruña, dirixido por Ricardo Martín:

<https://www.youtube.com/watch?v=uDI9O0xn8Sk>

• 2º CONCURSO “CIDADE DE LUGO”

As dúas obras, *Hécuba* e *Mostellaria*, serán a inspiración para un CONCURSO que se desenvolverá de acordo coas seguintes bases:

- **DESTINATARIOS:** poderán participar alumnos e alumnas de Cultura Clásica, Grego, Latín, Filosofía e Artes escénicas de centros públicos, concertados e privados de Galicia.
- **LINGUAS:** poderanse empregar o galego, o castelán, o latín e o grego.
- **TEMA:** inspirado nalgún aspecto da traxedia *Hécuba* ou da comedia *Mostellaria*.
- **MODALIDADES:**
 - o **1º HECATEO.** Traballo escrito, de carácter literario ou periodístico, que pode enfocarse como unha crónica social, un suceso, unha investigación policial etc. A extensión (excluída a portada) non deberá superar dúas páxinas DIN A4, con entreliña sinxela, letra Times New Roman 12. O traballo pode ser obra de un ou dous autores.

- o **2º POLIGNOTO.** Un cómic cos mesmos enfoques anteriores, pero en imaxes. A extensión máxima serán catro páxinas DIN A4, excluída a portada. O traballo pode ser obra de un ou dous autores.
- o **3º LISIAS.** Un podcast radiofónico cunha duración mínima de 3 minutos e máxima de 5. O arquivo deberá estar en formato mp3 e poderá ter forma de entrevista, debate, faladoiro, noticiario etc. O equipo poderá estar formado por un máximo de catro estudantes.
- **INSCRICIÓN:** para participar no concurso cómpre encher o formulario que se adxunta, que tamén estará na páxina de SEECGalicía, e envialo xunto co traballo da modalidade elixida ao correo de SEECGalicía (secretaria@seecgalicia.org); a data límite é o **15 de maio de 2021**.
- **PREMIOS:** establécense os seguintes premios:
 - o Modalidade **HECATEO**
 - **1º premio:** 130 €
 - **Accésit:** 100 €
 - o Modalidade **POLIGNOTO**
 - **1º premio:** 150 €
 - **Accésit:** 110 €
 - o Modalidade **LISIAS**
 - **1º premio:** 250 €
 - **Accésit:** 150 €

Se o xurado o considera, algún dos premios pode quedar deserto. Todos os participantes recibirán un diploma de participación. Os traballos premiados serán difundidos por SEECGalicía con fins exclusivamente didácticos.

- **XURADO:** en cada unha das modalidades estará formado por dous profesores de IES, dous membros da directiva de SEECGalicía e un especialista; o fallo será inapelable.

Agardamos que esta iniciativa teña a mesma acollida que o festival e sexa unha oportunidade diferente para achegarse ás obras clásicas e aprender.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

SEECGalicía

“A máscara que inspira”
Teatro grecolatino na aula
Primavera 2021
-Folla de participación-

Centro:			
Enderezo do centro:			
Localidade:		D.P.	
Profesor responsable:			
Correo-E:			
Teléfono:		Móvil	
Centro:			
Nome dos alumnos autores do traballo:			
Curso:			
Modalidade elixida			
HECATEO		POLIGNOTO	
		LISIAS	
Título do traballo:			
Data		Sinatura do profesor	

Esta folla xunto co traballo deberá ser enviada por correo electrónico a secretaria@seecgalicia.org antes do **15 de maio de 2021**